




## CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE TOÉN PARA A UNIVERSALIZACIÓN DOS SERVIZOS FINANCEIROS NOS CONCELLOS GALEGOS

En Toén, a 13 de marzo do 2023

Miguel Corgos López-Prado, conselleiro de Facenda e Administración Pública, nomeado por Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras de la Xunta e da súa Presidencia, e en virtude do establecido no Decreto 58/2022, de 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e no Decreto 113/2022, do 16 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda de Administración Pública.




Doutra parte, Ricardo González Gómez, en calidade de Alcalde do Concello de Toén, en uso das facultades que lle veñen atribuídas polo artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local.

Teñen, segundo interveñen, a capacidade legal necesaria para formalizar o presente Convenio de Colaboración,

### EXPOÑEN

#### Primeiro.



A Consellería de Facenda e Administración Pública, de conformidade co Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm.94, do 6 de maio de 2022), o Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das Vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27 de maio de 2022) e o Decreto 113/2022, do 16 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública (DOG núm.120, do 23 de xuño de 2023), é o departamento da administración autonómica ao que corresponden as competencias e funcións que en materia de facenda se establecen no Estatuto de autonomía.

A Xunta de Galicia asinou en data 10 de decembro de 2020 un protocolo de colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias (en adiante



FEGAMP), co obxecto de establecer o marco de colaboración para a universalización dos servizos financeiros nos concellos galegos.

Así mesmo, na cláusula cuarta deste protocolo habilítase a posibilidade de que os concellos que se adhiran voluntariamente ao protocolo, colaboren coa Xunta na implantación das medidas para universalizar o acceso aos servizos financeiros mediante a subscripción do correspondente convenio de colaboración.

O concello de Toén adheriuse ao mencionado protocolo en data 01/03/2023.

En consecuencia, de conformidade coas previsións establecidas no devandito protocolo e tendo en conta que ambas partes comparecentes teñen interese en establecer as actividades e compromisos para adoptar medidas dirixidas a universalizar o acceso aos servizos financeiros, e na representación que ostentan

#### ACORDAN

Asinar o presente convenio de colaboración en base ás seguintes

#### CLÁUSULAS

##### **Primeira. Obxecto.**

O obxecto do presente convenio é establecer as actividades específicas e compromisos das partes para universalizar o acceso aos servizos financeiros aos habitantes do concello de Toén.

##### **Segunda. Obrigas da Xunta de Galicia.**

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Facenda e Administración Pública, aprobou a orde do 18 de xuño de 2021, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a incentivar e fomentar a prestación de servizos bancarios básicos consistentes na instalación, mantemento e posta en funcionamento de caixeiros automáticos e a prestación dun servizo de asistencia e formación financeira en entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia (prioritariamente nos concellos sen entidade financeira no seu territorio), publicadas no DOG 117, de 22 de xuño do 2021.

No DOG núm. 233 do 3 de decembro do 2021 publícase a resolución do 26 de novembro do 2021 pola que finaliza o procedemento de concesión de subvención,



sendo a entidade beneficiaria ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. e afectando aos 38 concellos que asinaron en 2021 o correspondente convenio de colaboración.

En concreto, e polo que se refire ao Concello de Toén o obxecto desta subvención comprenderá:

- A instalación, posta en funcionamento e mantemento dun caixeiro automático nas dependencias municipais que permitirá aos habitantes do concello cubrir, entre outras, as seguintes necesidades:
  - Disposición de efectivo.
  - Reintegros.
  - Consulta de saldos e movementos.
  - Pago de recibos e tributos.
  - Realización de transferencias nacionais.
  - Traspasos entre contas, para clientes.
  - Activación de tarxeta, cambio do seu PIN e do idioma co que se interactuará no caixeiro. O caixeiro incluírá como idiomas a elixir o galego, o castelán e o inglés.
  - Outras prestacións adicionais.
- A prestación dun servizo de asistencia financeira nas dependencias municipais, que permita proporcionar ao habitantes do concello un nivel de servizo equivalente ao dunha oficina bancaria convencional, como o asesoramento en produtos e servizos financeiros, contratación de operacións de activo ou pasivo, etc., agás a prestación do servizo de caixa.
- A prestación dun servizo de formación financeira e banca electrónica nas dependencias municipais, que permita aos habitantes do concello adquirir as nocións básicas para aprender a utilizar os servizos bancarios a través das novas tecnoloxías.

### **Terceira. Obrigas do concello.**

O concello comprométese a:

1. Ceder un espazo público idóneo no que instalar o caixeiro automático.



2. Realizar cantos trámites administrativos sexan necesarios para facilitar á entidade beneficiaria da subvención a efectiva instalación do caixeiro automático.

A obriga establecida no punto primeiro e a realización dos trámites do punto segundo teñen que permitir a instalación do caixeiro automático no prazo de instalación fixado na resolución de concesión da subvención que inclúa a este concello. A data de concesión seralle comunicada ao concello pola Consellería de Facenda e Administración Pública.

3. Facilitar á empresa beneficiaria da subvención, con carácter previo á instalación do caixeiro, a forma de acceso ás dependencias municipais cedidas para a súa instalación.

4. Dotar ao espazo cedido para a instalación do caixeiro automático das acometidas de electricidade, telefonía e outras que foran necesarias para realizar a conexión do caixeiro, e asumir o custe destes subministros ao longo da prestación do servizo.

5. Por a disposición da empresa beneficiaria da subvención un local habilitado e con capacidade suficiente para prestar o servizo de asesoramento financeiro e de formación financeira e banca electrónica, e autorizar a súa utilización sen custe para a mesma, sendo aconsellable que este local estea próximo á localización establecida para a instalación do caixeiro.

6. Facerse cargo da execución e pago dos gastos derivados da limpeza e conservación dos espazos e locais cedidos para a instalación dos caixeiros e para a prestación dos servizos de asistencia financeira e formación, entendéndose por tales, a reparación de cristais, pinturas, pavimentos, mostradores, conducións eléctricas e telefónicas, etc.

7. Dar difusión entre os veciños do concello do establecemento das medidas previstas neste Convenio.

#### **Cuarta. Vixencia do convenio.**

O convenio entrará en vigor dende a súa sinatura e permanecerá vixente durante o mesmo prazo para o cal a empresa beneficiaria preste os servizos obxecto da subvención.



#### **Quinta. Modificacións.**

As modificacións deste Convenio formalizaranse mediante addenda cos mesmos requisitos e coas mesmas condicións que se esixen para a súa aprobación.

#### **Sexta. Causas de resolución.**

Son causas de resolución do convenio:

- a) O mutuo acordo.
- b) O incumprimento total ou parcial dalgunha das súas cláusulas.
- c) O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

#### **Sétima. Solución de controversias. Comisión de seguimento.**

As posibles discrepancias na aplicación e/ou interpretación dos acordos deste convenio resolveranse mediante diálogo directo entre as partes ou pola comisión de seguimento.

A Comisión de seguimento estará composta por dous representantes designados polo concello e dous representantes da Consellería de Facenda e Administración Pública, para levar a cabo o seguimento e avaliación das accións previstas neste convenio.

Esta comisión, a presidencia da cal a ostentará un dos representantes da administración autonómica, reunirse cando así o solicite algunha das partes.

Contra as decisións da comisión de seguimento non cabe recurso en vía administrativa.

Será de aplicación o réxime establecido para os órganos colexiados no capítulo I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. No funcionamento ordinario da comisión de seguimento promoverase o uso de medios dixitais para as actuacións de coordinación, seguimento e sinatura de acordos.

#### **Oitava. Obrigas de publicidade.**

O presente Convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.



A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Administración autonómica publicará o texto íntegro do Convenio.

#### **Novena. Réxime xurídico.**

O presente Convenio ten natureza administrativa, rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, pola lei 39/2015, do 1 de outubro, polo disposto no Capítulo VI, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, á Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, fundamentalmente ao seu artigo 57, así como ao Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (artigos 61 a 71), e ao resto da normativa que resulte aplicable.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na súa interpretación e cumprimento serán de coñecemento e competencia da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

E, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio de colaboración por duplicado exemplar no lugar e data indicado no encabezamento.

Pola consellería de Facenda e  
Administración Pública

Miguel Córgeos López-Prado

Polo concello de Toén

Ricardo González Gómez